

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

385 *Real decreto 1718/2012, do 28 de decembro, polo que se determina o procedemento para realizar a lectura e facturación das subministracións de enerxía en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15 kW.*

A normativa actualmente en vigor en relación coa actividade de comercialización e a subministración de enerxía eléctrica encóntrase recollida no título VIII da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, cuxo principal desenvolvemento normativo é o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica. Este desenvolvemento regulamentario complementábase co disposto no Real decreto 1435/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas dos contratos de adquisición de enerxía e de acceso ás redes en baixa tensión, e o Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Un dos aspectos relativos á subministración é o da medición e facturación dos consumos de enerxía eléctrica. O Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía, establece na súa disposición adicional sétima, sobre «Periodicidade da facturación e lectura das tarifas domésticas», que «A facturación das tarifas de subministración de enerxía eléctrica social e domésticas (ata 10 kW de potencia contratada) a partir do 1 de novembro de 2008 será efectuada pola empresa distribuidora mensualmente e levarase a cabo con base na lectura bimestral dos equipamentos de medición instalados para o efecto.»

A estas normas hai que engadir o Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, e a Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica.

O citado Real decreto 485/2009, do 3 de abril, establece que, a partir do 1 de xullo de 2009, só se poderán acoller a tarifas de último recurso os consumidores de enerxía eléctrica conectados en baixa tensión cuxa potencia contratada sexa inferior ou igual a 10 kW. Así mesmo, na disposición adicional décimo cuarta dese real decreto facúltase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para determinar a forma de estimar os consumos cando estes non se correspondan con lecturas reais.

En desenvolvemento do anterior, a Resolución do 14 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, establece o procedemento de facturación con estimación do consumo de enerxía eléctrica e a súa regularización con lecturas reais, que resulta actualmente de aplicación aos consumidores acollidos á tarifa de último recurso.

Tendo en conta o tempo transcorrido desde a publicación das normas citadas, e a experiencia adquirida na materia, débense revisar os aspectos relativos á aplicación da facturación mensual en puntos de subministración ata 10 kW de potencia contratada, para o cal se deberá aprobar unha regulación que sexa adecuada á nova situación.

Así mesmo, cómpre unificar as diferentes normas co fin de eliminar posibles ineficiencias na súa aplicación e, en definitiva, facilitar a actuación de todos os suxeitos interesados.

Adicionalmente, faise extensiva a aplicación da norma a todos os puntos de subministración de enerxía eléctrica de ata unha potencia contratada de 15 kW. Isto faise tendo en conta que, inicialmente, no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, se definía

a tarifa simple de baixa tensión ata 15 kW, e admitíase para a dita tarifa a facturación bimestral. Posteriormente, na disposición adicional sétima do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, limitouse a facturación mensual ás subministracións de ata 10 kW.

Así mesmo, débese ter en conta a disposición adicional primeira da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008, relativa ao Plan de substitución de equipamentos de medición, que determina o seguinte: «Todos os contadores de medición en subministracións de enerxía eléctrica cunha potencia contratada de ata 15 kW deberán ser substituídos por novos equipamentos que permitan a discriminación horaria e a telexestión antes do 31 de decembro de 2018».

Por tanto, e co fin de homoxeneizar os aspectos relativos á aplicación da facturación bimestral, inclúense no ámbito de aplicación deste real decreto as subministracións en baixa tensión e potencia contratada de ata 15 kW.

De acordo co previsto na disposición adicional décimo primeira, número terceiro, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, o contido deste real decreto foi sometido ao informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía, quen para a elaboración do seu informe tomou en consideración as observacións e os comentarios do Consello Consultivo de Electricidade, a través do cal se cumpriu o trámite de audiencia ao sector e consultas ás comunidades autónomas.

Finalmente, o proxecto foi sometido a exame da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, na súa reunión do día 20 de decembro de 2012.

Esta regulación ten carácter de normativa básica e dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación a todas as subministracións en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15 kW.

Artigo 2. *Lectura e facturación de consumidores acollidos á tarifa de último recurso.*

1. A facturación dos consumidores acollidos á tarifa de último recurso será efectuada pola empresa comercializadora de último recurso con base en lecturas reais.

A lectura da enerxía será realizada polo encargado de lectura cunha periodicidade bimestral e posta á disposición da empresa comercializadora de último recurso. No caso de subministracións que contén con equipamentos de medición con capacidade para telemedición e telexestión, e efectivamente integrados nos correspondentes sistemas, a lectura realizarase cunha periodicidade mensual e porase á disposición da empresa comercializadora de último recurso para a súa facturación mensual ao consumidor.

Naquelas subministracións en que o encargado de lectura non poida acceder ao equipamento de medición para realizar a lectura, deberá deixar un aviso de imposible lectura en que se indique un número de teléfono e un enderezo web mediante a cal o usuario poderá facilitar a lectura do seu equipamento, así como o prazo para facelo. No aviso de imposible lectura especificarase a información que deberá indicar o usuario para poder facilitar esa lectura. No caso de que o usuario non poña á disposición do encargado da lectura a lectura do seu equipamento de medición no prazo de dous meses desde o aviso de imposible lectura, o encargado da lectura poderá estimar o consumo da dita subministración en función do procedemento recollido na normativa vixente en cada momento.

En todo caso e sen prexuízo da obriga do encargado de lectura de ler con carácter bimestral, ou mensual, segundo corresponda, realizarase unha regularización anual con base nas lecturas reais e, en caso de que o consumidor non facilite as lecturas, esa regularización anual poderase realizar con base en estimacións.

2. Malia o sinalado no número anterior, logo de acordo expreso entre as partes, encargado da lectura, comercializador e consumidor, e cando tal circunstancia se notificase ao consumidor e este aceptase este método de facturación, poderanse realizar facturacións mensuais.

A lectura da enerxía será realizada polo encargado de lectura cunha periodicidade bimestral e posta á disposición da empresa comercializadora de último recurso.

Nos meses alternos en que non haxa lectura real, facturarase en función do procedemento recollido na normativa vixente en cada momento. Estas estimacións serán realizadas polo encargado de lectura. Nestas facturas indícarase «consumo estimado».

Logo de acordo expreso entre as partes, poderase facturar unha cota fixa mensual proporcional aos consumos históricos e, cando non os haxa, unha estimación de horas de utilización diaria, previamente acordada, máis o termo de potencia. En todo caso, producirase unha regularización como mínimo anual e con base en lecturas reais.

Aos suxeitos acollidos ao pagamento por domiciliación bancaria non se lles poderá cargar na conta ningunha cantidade ata transcorridos 7 días naturais desde a remisión da factura.

3. A facturación daqueles clientes sen dereito a subministración de último recurso que estean recibindo subministracións de maneira transitoria por unha comercializadora de último recurso, efectuarase con carácter mensual ou bimestral, sempre baseada en lecturas reais, segundo sexa a facturación do acceso a redes conforme a normativa en vigor.

4. Naqueles casos en que dentro dun mesmo período de facturación rexese máis dun prezo da peaxe ou tarifa, a facturación realizarase sobre a base dos consumos reais realizados que se distribuirán para isto proporcionalmente aos días en que estivesen en vigor cada un dos prezos.

Artigo 3. *Lectura e facturación de consumidores que contratan a súa subministración a través dunha comercializadora en mercado libre.*

1. A facturación do acceso ás redes será efectuada polo encargado de lectura segundo o establecido no Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, polo que se establecen tarifas de acceso ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, ou norma que a substitúa.

A comercializadora que contratase en nome do consumidor o acceso a redes realizará ao consumidor a facturación polo acceso a redes na mesma factura que a subministración realizada. A factura en tales casos debe desagregar os conceptos de peaxes e, se for o caso, o alugamento de equipamentos de medición.

2. A facturación do acceso ás redes realizarase sempre baseándose en lecturas reais. En calquera caso, a lectura da enerxía será realizada polo encargado de lectura cunha periodicidade máxima bimestral e posta á disposición da empresa comercializadora. No caso de subministracións que contén con equipamentos de medición con capacidade para telemedición e telexestión, e efectivamente integrados nos correspondentes sistemas, a lectura realizarase cunha periodicidade mensual.

Naqueles subministracións en que o encargado de lectura non poida acceder ao equipamento de medición para realizar a lectura, será de aplicación o establecido a este respecto no terceiro e cuarto parágrafos do número 1 do artigo anterior.

3. Logo de acordo expreso entre as partes, poderase facturar unha cota fixa mensual proporcional aos consumos históricos e, cando non os haxa, unha estimación de horas de utilización diaria, previamente acordada, máis o termo de potencia. En todo caso, producirase unha regularización como mínimo anual e con base en lecturas reais.

Aos suxeitos acollidos ao pagamento por domiciliación bancaria non se lles poderá cargar na conta ningunha cantidade ata transcorridos 7 días naturais desde a remisión da factura.

Todo isto sen prexuízo de que os consumidores non acollidos á tarifa de último recurso e as súas comercializadoras poidan chegar a calquera outro tipo de acordo relativo ás condicións de facturación, sempre e cando ambas as partes o decidan libremente e quede recollido no correspondente contrato de subministración, respectando esas condicións o disposto na normativa de aplicación.

4. Naqueles casos en que dentro dun mesmo período de facturación rexese máis dun prezo da peaxe, a facturación realizarase conforme os consumos reais realizados, que se distribuirán para isto proporcionalmente aos días en que estivese en vigor cada un dos prezos.

Disposición adicional primeira. *Facturas de enerxía eléctrica.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer, logo do trámite de audiencia, o contido mínimo obrigatorio e un formato tipo voluntario das facturas que deberán remitir os comercializadores do mercado libre de electricidade aos consumidores en baixa tensión de ata 15 kW de potencia contratada non acollidos á tarifa de último recurso.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá determinar a forma de estimar os consumos cando estes non se correspondan con lecturas reais.

Disposición adicional segunda. *Información aos consumidores sobre a aplicación deste real decreto.*

As empresas comercializadoras deberán remitir aos seus clientes unha carta xunto coas tres primeiras facturas que emitan a partir da entrada en vigor deste real decreto, co fin de comunicar a súa entrada en vigor e publicitar o procedemento para a solicitude da facturación con carácter mensual.

As cartas remitidas aos consumidores deberanse axustar ao modelo definido no anexo deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Período de adaptación ao disposto nos artigos 2 e 3.*

O disposto nos artigos 2 e 3 resultará de aplicación ás facturacións dos consumos que se realicen a partir do día 1 de abril de 2013.

Disposición transitoria segunda. *Normativa para calcular os consumos estimados.*

Ata que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas non dite unha nova regulación, para determinar a forma de estimar os consumos das subministracións en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15 kW cando non existan lecturas reais, seguirase aplicando o establecido nas resolucións do 14 de maio de 2009 e do 24 de maio de 2011 da dita dirección xeral, en todo o que non se opoña ao disposto neste real decreto, e a súa aplicación farase extensiva á estimación dos consumos das subministracións en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15 kW.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas a disposición adicional sétima do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para a dita tecnoloxía; os números 2 e 5 do artigo 82 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos

de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e, en xeral, cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo e aplicación.*

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditará, no ámbito das súas competencias, as disposicións de desenvolvemento que resulten indispensables para asegurar a adecuada aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ

ANEXO

Carta informativa relativa á entrada en vigor da facturación bimestral

Informámolo de que o pasado día xx entrou en vigor o Real decreto xx/2012, do xx de decembro, polo que se determina o procedemento para realizar a lectura e a facturación das subministracións de enerxía en baixa tensión con potencia contratada non superior a 15 kW.

De acordo con este, a facturación da enerxía que consuma a partir do 1 de abril de 2013 pasará a realizarse cunha periodicidade bimestral en lugar de mensualmente como ata a data, e a partir de lecturas reais dos seus consumos.

Naquelas subministracións en que o contador non estea accesible, a empresa distribuidora que debe realizar a lectura deberalle deixar un aviso de imposible lectura. Se este é o seu caso, vostede poderá proporcionar a lectura do dito equipamento directamente a través do teléfono ou da páxina web que se indique no dito aviso.

Adicionalmente, vostede poderá acordar, de maneira expresa, coa empresa comercializadora a realización de facturacións mensuais baseadas en consumos reais e estimados ou ben a facturación dunha cota fixa mensual e unha regularización anual posterior.

Por último, indícaselle que no futuro, cando os novos equipamentos de medición con capacidade de telexestión se integren nos correspondentes sistemas de telemedición, a lectura e facturación se realizarán cunha periodicidade mensual.

Esta comunicación ten carácter informativo.

Á espera de lle ofrecer mellor servizo, reciba un cordial saúdo.

Asdo.:

(Nome da empresa comercializadora).